

XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN

Avenida M^a Victoria Moreno, 43, 5^o

36071 Pontevedra


Asunto: Alegacións á RESOLUCIÓN do 3 de febreiro de 2023, da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se someten á información pública o estudo de impacto ambiental, as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción, o proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico) e o proxecto de execución, en concreto, das instalacións do parque eólico Alto do Ceo, emprazado nos concellos de Mondariz, Covelo, A Cañiza, Salvaterra de Miño e As Neves da provincia de Pontevedra (expediente IN408A 2020/99), DOG Núm. 45, de 6 de marzo de 2023.

Don/Doña _____ con DNI. Número _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, municipio de _____, provincia _____, teléfono _____.

EXPÓN:

Á vista da Resolución do 3 de febreiro de 2023, da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se someten á información pública o estudo de impacto ambiental, as solicitudes de autorización administrativa previa e de construción, o proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico) e o proxecto de execución, en concreto, das instalacións do parque eólico Alto do Ceo, emprazado nos concellos de Mondariz, Covelo, A Cañiza, Salvaterra de Miño e As Neves da provincia de Pontevedra (expediente IN408A 2020/99), DOG Núm. 45, de 6 de marzo de 2023., por medio do presente escrito realiza as seguintes **ALEGACIÓNS:**

I.- AFECCIÓN VISUAL E PAISAXÍSTICA SEVERA PARA OS ESPAZOS CATALOGADOS DA REDE NATURA 2000



Nombre del LIC


Río Tea

Código del LIC


ES1140006

Superficie oficial LIC (ha)

356,38




Nombre del LIC **Baixo Miño**
Código del LIC **ES1140007**
Superficie oficial LIC (ha) 2.870,95



Nombre del LIC **Baixa Limia**
Código del LIC **ES1130001**
Superficie oficial LIC (ha) 33.921,45

- ZEPa Baixa Limia-Serra do Xurés ES0000376
- ZEPa Esteiro do Miño ES0000375
- ZEPa A Limia ES0000436
- ZEPa Illas Cies ES0000001



Código del espacio	ES113015
Nombre del espacio	Serra de Pena Corneira
Figura de protección	Monumento Natural
Superficie oficial (ha)	1.002,28
Año de declaración	2007
Administración competente	Galicia


II.- A LOCALIZACIÓN INIDÓNEA DO PROXECTO EÓLICO ALTO DO CEO: ZONIFICACIÓN DE MÁXIMA SENSIBILIDADE AMBIENTAL E NA QUE NON SE RECOMENDA A INSTALACIÓN DE INFRAESTRUTURAS EÓLICAS

As infraestruturas do proxecto eólico ALTO DO CEO coinciden con zonas de Máxima sensibilidade ambiental segundo a Clasificación de sensibilidade ambiental proporcionada pola Zonificación ambiental para enerxías renovables elaborada polo Ministerio para la Transición Ecolóxica y el Reto Demográfico (Resolución de 30 de diciembre de 2020, de la Dirección General de Calidad y Evaluación Ambiental, por la que se formula la declaración ambiental estratégica del Plan Nacional Integrado de Energía y Clima 2021-2030, «BOE» núm. 9, de 11 de enero de 2021).


Según a información proporcionada por esta ferramenta, a maior parte das infraestruturas do proxecto eólico ALTO DO CEO ubícanse en áreas non recomendadas para a instalación da enerxía eólica, pola súa máxima sensibilidade ambiental.

Clasificación sensibilidade ambiental


- Máxima (no recomendado)
- Muy alta
- Alta
- Moderada
- Baja




Localización do aerogenerador ALT-01. A proximidade aos núcleos de poboación é un dos motivos polos que non se recomenda a instalación de enerxía eólica nas Zonas de máxima sensibilidade ambiental, como é o caso.




Localización do aerogenerador ALT-02 a escasos metros dunha liña eléctrica de alta tensión e moi próximo ao núcleo do Forroño




Localización do apoio número 2 da liña eléctrica de evacuación, sobre unha zona non recomendada para a instalación de enerxía eólica.



Localización do apoio número 4 da liña eléctrica de evacuación, sobre unha zona non recomendada para a instalación de enerxía eólica.




Localización do apoio número 5 da liña eléctrica de evacuación, sobre unha zona non recomendada para a instalación de enerxía eólica.



Localización do apoio número 7 da liña eléctrica de evacuación, sobre unha zona non recomendada para a instalación de enerxía eólica.


III.- AFECCIÓN SEVERA A HÁBITATS PRIORITARIOS E DE INTERÉS COMUNITARIO

Cómpre lembrar a obriga normativa de manter os hábitats de interese comunitario nun estado de conservación favorable, o que resulta incompatible coa súa afección irreversible ou eliminación, como é o presente caso.




Hábitats Directiva

Código de la cuadrícula	Código del Hábitat	Prioritario	Descripción español
29TNG57	3260	NO	Ríos, de pisos de planicie a montano con vegetación de Ranunculion fluitantis y de Callitricho-Batrachion
29TNG57	4020	* SÍ	Brezales húmedos atlánticos de zonas templadas de Erica ciliaris y Erica tetralix
29TNG57	4030	NO	Brezales secos europeos.
29TNG57	6220	* SÍ	Zonas subestépicas de gramíneas y anuales del Thero-Brachypodietea
29TNG57	6410	NO	Prados con molinias sobre sustratos calcáreos, turbosos o arcillo-limónicos (Molinion caeruleae)
29TNG57	6430	NO	Megaforbios eutrofos hidrófilos de las orlas de llanura y de los pisos montano a alpino.
29TNG57	6510	NO	Prados pobres de siega de baja altitud (Alopecurus pratensis, Sanguisorba officinalis).
29TNG57	8130	NO	Desprendimientos mediterráneos occidentales y termófilos.
29TNG57	8220	NO	Pendientes rocosas silíceas con vegetación casmofítica
29TNG57	8230	NO	Roquedos silíceos con vegetación pionera del Sedo-Scleranthion o del Sedo albi-Veronicion dillenii
29TNG57	91E0	* SÍ	Bosques aluviales de Alnus glutinosa y Fraxinus excelsior (Alno-Padion, Alnion incanae, Salicion albae).
29TNG57	9230	NO	Robledales galaico-portugueses con Quercus robur y Quercus pyrenaica.



Localización do aerodromo ALT 02 sobre hábitats prioritarios e de interés comunitario



Afección severa a brexeiras oromediterráneas endémicas con aliaga, a brexeiras secas europeas e a afloramentos rochosos

Id.	74487
Provincia	Pontevedra
Comunidad Autónoma	Galicia
Código habitat	309036
Naturalidad	2
Porcentaje habitat	12%
Alianza	Ulici europaei-Cytision striati Rivas-Martínez, Báscones, T.E. Díaz, Fernández-González & Loidi 1991

Especies alianza
 Adenocarpus anisochilus subsp. anisochilus, Cytisus commutatus, Cytisus ingramii, Cytisus striatus subsp. striatus, Ulex europaeus.


Nombre fitosociológico
 Xesteiras con tojos.

Nombre genérico
 Escobonales

Código UE habitat
 4090

Prioritario
 Np

Definición
 Brezales oromediterráneos endémicos con aliaga



Código habitat 303021


Naturalidad 2

Porcentaje habitat 70%

Alianza
 Ericion umbellatae Br.-Bl., P. Silva, Rozeira & Fontes 1952

Especies alianza
 Cistus psilosepalus, Erica australis subsp. australis, Erica umbellata, Genista triacanthos, Halimium ocymoides, Lavandula viridis, Polygala microphylla, Pterospartum lasianthum, Pterospartum tridentatum, Thymelaea


	broteriana, Thymelaea procumbens, Tuber
Nombre fitosociológico	Brezal frío y continental galaico-portugues, beirense, lusitano-duriense, estréllense, y toledano-tagano
Nombre genérico	Brezales
Código UE habitat	4030
Prioritario	Np
Definición	Brezales secos europeos



Localización do aeroxerador ALT-01 con afección severa e irreversible a hábitats de interés comunitario


Id.	74487
Provincia	Pontevedra
Comunidad Autónoma	Galicia
Código habitat	309036
Naturalidad	2
Porcentaje habitat	12%
Alianza	Ulici europaei-Cytision striati Rivas-Martínez, Báscones, T.E. Díaz, Fernández-González & Loidi 1991

Especies alianza	Adenocarpus anisochilus subsp. anisochilus, Cytisus commutatus, Cytisus ingramii, Cytisus striatus subsp. striatus, Ulex europaeus.
Nombre fitosociológico	Xesteiras con tojos.
Nombre genérico	Escobonales
Código UE habitat	4090
Prioritario	Np
Definición	Brezales oromediterráneos endémicos con aliaga




Id.	74487
Provincia	Pontevedra
Comunidad Autónoma	Galicia
Código habitat	303021
Naturalidad	2
Porcentaje habitat	70%
Alianza	Ericion umbellatae Br.-Bl., P. Silva, Rozeira & Fontes 1952
Especies alianza	Cistus psilosepalus, Erica australis subsp. australis, Erica umbellata, Genista

	<p>triacanthos, Halimium ocymoides, Lavandula viridis, Polygala microphylla, Pterospartum lasianthum, Pterospartum tridentatum, Thymelaea broteriana, Thymelaea procumbens, Tuber</p>
Nombre fitosociológico	<p>Brezal frío y continental galaico-portugues, beirense, lusitano-duriense, estréllense,y toledano- tagano</p>
Nombre genérico	Brezales
Código UE habitat	4030
Prioritario	Np
Definición	Brezales secos europeos




Localización do Centro de seccionamento con afección severa e irreversible para hábitats prioritarios e de interés comunitario




Coordenadas da localización da torre meteorolóxica sobre hábitats de interés comunitario e con afección severa e irreversible para estes

Id.	74487
Provincia	Pontevedra
Comunidad Autónoma	Galicia
Código habitat	309036
Naturalidad	2
Porcentaje habitat	12%
Alianza	Ulici europaei-Cytision striati Rivas-Martínez, Báscones, T.E. Díaz, Fernández-González & Loidi 1991
Especies alianza	Adenocarpus anisochilus subsp. anisochilus, Cytisus commutatus, Cytisus ingramii, Cytisus striatus subsp. striatus, Ulex europaeus.
Nombre fitosociológico	Xesteiras con tojos.
Nombre genérico	Escobonales
Código UE habitat	4090
Prioritario	Np
Definición	Brezales oromediterráneos endémicos con aliaga




Id.	74487
Provincia	Pontevedra
Comunidad Autónoma	Galicia
Código habitat	303021
Naturalidad	2
Porcentaje habitat	70%
Alianza	Ericion umbellatae Br.-Bl., P. Silva, Rozeira & Fontes 1952
Especies alianza	Cistus psilosepalus, Erica australis subsp. australis, Erica umbellata, Genista triacanthos, Halimium ocymoides, Lavandula viridis, Polygala microphylla, Pterospartum lasianthum, Pterospartum tridentatum, Thymelaea broteriana, Thymelaea procumbens, Tuber
Nombre fitosociológico	Brezal frío y continental galaico-portugues, beirense, lusitano-duriense, estréllense,y toledano-tagano
Nombre genérico	Brezales
Código UE habitat	4030


Coordenadas dos apoios do tramo de liña aérea de alta tensión:




Localización do apoio 2 con afección severa e irreversible a hábitats de interés comunitario. Estes hábitats tamén se verán afectados de maneira severa polos viais de acceso aos apoios.




Localización do apoio número 3 con afección severa e irreversible a hábitats de interés comunitario. Estes hábitats tamén se verán afectados de maneira severa polos viais de acceso aos apoios.




Localización do apoio número 4 con afección severa e irreversible a hábitats de interés comunitario. Estes hábitats tamén se verán afectados de maneira severa polos vias de acceso aos apoios.




Localización do apoio número 5 da liña eléctrica de evacuación. Tanto os aeroxeradores como a liña de evacuación afectan de forma severa a paisaxes identitarias e simbólicas para a veciñanza como Alto do Ceo, Coto da Laxa, Portiño do Medio, Coto dos Mouchos, Coto Xabriñas, Coto Randufe, Montes do Vento, Coto de Galos, Alto de Montouto, Alto da Canda...etc.




Localización do apoio número 5 da liña eléctrica de evacuación con afección severa e irreversible a hábitats de interese comunitario. Estes hábitats tamén se verán afectados de maneira severa polos vias de acceso aos apoios.




Localización do apoio número 6 da liña eléctrica de evacuación con afección severa e irreversible a hábitats de interese comunitario. Estes hábitats tamén se verán afectados de maneira severa polos vias de acceso aos apoios.







Localización do apoio número 7 da liña eléctrica de evacuación con afección severa e irreversible a hábitats de interese comunitario. Estes hábitats tamén se verán afectados de maneira severa polos vias de acceso aos apoios.




Localización do apoio número 8 da liña eléctrica de evacuación con afección severa e irreversible a hábitats de interese comunitario. Estes hábitats tamén se verán afectados de maneira severa polos vias de acceso aos apoios.




Localización do apoio número 9 da liña eléctrica de evacuación con afección severa e irreversible a hábitats de interese comunitario. Estes hábitats tamén se verán afectados de maneira severa polos vias de acceso aos apoios.



Localización do apoio número 10 da liña eléctrica de evacuación con afección severa e irreversible a hábitats de interese comunitario. Estes hábitats tamén se verán afectados de maneira severa polos vias de acceso aos apoios.




Localización do apoio número 12 da liña eléctrica de evacuación con afección severa e irreversible a hábitats de interese comunitario. Estes hábitats tamén se verán afectados de maneira severa polos vias de acceso aos apoios



Localización do apoio número 13 da liña eléctrica de evacuación con afección severa e irreversible a hábitats de interese comunitario. Estes hábitats tamén se verán afectados de maneira severa polos vias de acceso aos apoios

IV.- AFECCIÓN SEVERA A ESPECIES CATALOGADAS COMO VULNERABLES E EN PERIGO DE EXTINCIÓN



Localización do aeroxerador ALT-01

Código de la especie	6155
Proyección	ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula	10kmE281N230
Nombre de la especie	Achondrostoma arcasii
Código de la especie	1191
Proyección	ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula	10kmE281N230
Nombre de la especie	Alytes obstetricans
Código de la especie	1352
Proyección	ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula	10kmE281N230
Nombre de la especie	Canis lupus
Código de la especie	1172
Proyección	ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula	10kmE281N230
Nombre de la especie	Chioglossa lusitanica
Código de la especie	5302
Proyección	ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula	10kmE281N230
Nombre de la especie	<i>Cobitis paludica</i>
Código de la especie	1194
Proyección	ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula	10kmE281N230
Nombre de la especie	<i>Discoglossus galganoi</i>
Código de la especie	6284
Proyección	ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula	10kmE281N230
Nombre de la especie	<i>Epidalea calamita</i>
Código de la especie	1259
Proyección	ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula	10kmE281N230
Nombre de la especie	<i>Lacerta schreiberi</i>
Código de la especie	1083
Proyección	ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula	10kmE281N230
Nombre de la especie	<i>Lucanus cervus</i>
Código de la especie	1355
Proyección	ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula	10kmE281N230
Nombre de la especie	<i>Lutra lutra</i>
Código de la especie	1221
Proyección	ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula	10kmE281N230
Nombre de la especie	<i>Mauremys leprosa</i>
Código de la especie	1358
Proyección	ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula	10kmE281N230

Nombre de la especie Mustela putorius

Código de la especie 1864

Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE281N230

Nombre de la especie Narcissus
bulbocodium

Código de la especie 1862

Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE281N230

Nombre de la especie Narcissus cyclamineus

Código de la especie 6945

Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE281N230

Nombre de la especie Pelophylax perezi

Código de la especie 1095

Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE281N230

Nombre de la especie Petromyzon marinus

Código de la especie 5296

Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE281N230

Nombre de la especie Pseudochondrostoma
duriense

Código de la especie 1216

Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE281N230

Nombre de la especie Rana iberica

Código de la especie	1304
Proyección	ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula	10kmE281N230
Nombre de la especie	Rhinolophus ferrumequinum
Código de la especie	1303
Proyección	ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula	10kmE281N230
Nombre de la especie	Rhinolophus hipposideros
Código de la especie	1849
Proyección	ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula	10kmE281N230
Nombre de la especie	Ruscus aculeatus
Código de la especie	1106
Proyección	ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula	10kmE281N230
Nombre de la especie	Salmo salar
Código de la especie	1174
Proyección	ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula	10kmE281N230
Nombre de la especie	Triturus marmoratus
Código de la especie	A110
Proyección	ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula	10kmE281N230
Nombre de la especie	Alectoris rufa
Código de la especie	A073
Proyección	ETRS89/ETRS-LAEA
Código de la Cuadrícula	10kmE282N230

Nombre de la especie Milvus migrans

Código de la especie A081

Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE282N230

Nombre de la especie Circus aeruginosus

Código de la especie A087

Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE282N230


Nombre de la especie Buteo buteo

Código de la especie A302

Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE282N230

Nombre de la especie Sylvia undata



Código de la especie A110

Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE281N230

Nombre de la especie Alectoris rufa

Código de la especie A250

Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE281N230

Nombre de la especie *Ptyonoprogne rupestris*

Código de la especie A269

Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE281N230

Nombre de la especie *Erithacus rubecula*

Código de la especie 1762

Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE282N230

Nombre de la especie *Arnica montana*



Código de la especie 5009

Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE282N230

Nombre de la especie *Pipistrellus pygmaeus*

Código de la especie 1309

Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE282N230

Nombre de la especie *Pipistrellus pipistrellus*

Código de la especie 1305


Proyección ETRS89/ETRS-LAEA

Código de la Cuadrícula 10kmE282N230


Nombre de la especie *Rhinolophus euryale*

Otras especies catalogadas como Emys orbicularis.

V.- A INIDÓNEA LOCALIZACIÓN DAS INFRAESTRUTURAS DO PROXECTO EÓLICO ALTO DO CEO: SOBRE ZONAS PROTEXIDAS DE AUGAS POTABLES E MASAS DE AUGA SOTERRADAS



Cód. Temático	ES010MSBT011-002
Esquema temático	euProtectedAreaCode
NOMBRE	CUENCA BAJA DEL MIÑO
Fecha de designación	19/04/2013
Tipo de zona	drinkingWaterProtectionArea
Nombre base legal	Directive 2000/60/EC of the European Parliament
Link base legal	Ver link base legal
Ámbito base legal	european
Superficie (km2)	4.477,7306



Cód. Masa de agua ES010MSBT011-002

NOMBRE MASA DE AGUA CUENCA BAJA DEL MIÑO

Superficie (km2) 4.477,7306

Cód. Demarcación Hidrográfica ES010

Demarcación Hidrográfica MIÑO-SIL

Desarrolla horizontes Yes

Asociada a masas superficiales Yes

Núm. Masas superficiales asociadas 87

CÓD. MASA DE AGUA ES010MSBT011-005

NOMBRE MASA DE AGUA ALUVIAL DEL BAJO MIÑO

Superficie (km2) 202,4252

Cód. Demarcación Hidrográfica ES010

Demarcación Hidrográfica MIÑO-SIL

Desarrolla horizontes Yes


Asociada a masas superficiales Yes

Núm. Masas superficiales asociadas 17

Asociada a ecosistemas terrestres	No
Formación geológica	Porous - highly productive

VI.- AFECCIÓN VISUAL E PAISAXÍSTICA SEVERA E PERSISTENTE DURANTE A VIDA ÚTIL DA ESTACIÓN EÓLICA

<https://mapaseolicos.wordpress.com/?s=Alto+do+Ceo>



Poligonal do proxecto eólico Alto do Ceo cos dous aeroxerdores e os 15 apoios da LAT e a subestación que é obxecto doutro proxecto independente e que tampouco se inclúe neste procedemento aos efectos da avaliación ambiental dos impactos e da participación pública.

O proxecto industrial eólico afecta de forma severa a Miradoiros como o Miradoiro da Paradanta, Miradoiro do Covelo, Miradoiro de Alto do Montouto, Miradoiro do Alto de Fontefría, Miradoiro do Pozo do Inferno, Miradoiro de San Fins, Miradoiro da Praia fluvial de Luneda, Miradoiro do Alto de Guillade,

Miradoiro de Filgueira, Miradoiro Coto da Pena, Alto do Moncelo, Miradoiro Chan do Carreiro, Coto da Pía,... e outros miradoiros naturais.

A afección visual e paisaxística esténdese ao Cruceiro de San Miguel de Corzós, á Cova da Virxe da Franqueira, ao Castelo de Sobroso...etc.

Cómpre ter en conta que na contorna de 5 qm do proxecto eólico Alto do Ceo xa existen 60 aeroxeradores correspondentes aos parques eólicos Alto da Telleira, Alto de Montouto, Chan de Couto, Montouto 2000, Paradanta e PES As Neves. Esta elevada saturación de instalacións eólicas prevé graves prexuízos para a avifauna.

Existe unha afección severa e persistente no tempo para Áreas de Especial Interés Paiaxístico (AEIP) como: Pozas e fervezas do Río Cerves, Baixo Arnoia, Faro de Budiño e Cans, Serra do Galleiro, Pena Corneira, Río Deva, Monte San Nomedio, Castro de Troña, Castelo de Vilasobroso, Monte da Picaraña, Baixo Tea, Serra do Suído.

▪ **PRESIÓN EÓLICA EXCESIVA NA ÁREA XEOGRÁFICA DE AFECCIÓN DO PROXECTO NUNHA ENTORNA DE 15 QM TEÑEN MÁIS DE 280 AEROXERADORES E MÁIS DE 280 QM DE LIÑAS ELÉCTRICAS**

PARQUE EOLICO	Nº AEROXERADORES
1. ALTO DA TELLEIRA	16
2. ALTO DE MONTOUTO	5
3. BIDUEIROS - FASE I	23
4. BIDUEIROS - FASE II	3
5. CHAN DO COUTO	3
6. CHAN DO EIXO	4
7. COTO DAS GALLAS	8
8. COTO DE EIRAS	5
9. COTO DE LOBOS	7
10. COTO REDONDO	5
11. DEVA	66
12. DEVA AMPLIACION	5
13. DEVA II AMPLIACION	3
14. FONTEAVIA FASE II	8
15. MANCELO	3
16. MONTOUTO 2000	53
17. O SOBREDO	6
18. PARADANTA	4
19. PAZOS DE BORBEN	4
20. PES ARBO	2
21. PES AS NEVES	3
22. PES AVION	2
23. PES COVELO	1
24. PES FOFE	1
25. PES MELON	1
26. TEA	37
TOTAL AEROXERADORES:	278

No tocante ás liñas de alta tensión na área xeográfica de afección do proxecto xa hai unha lonxitude total de liñas de alta tensión de carácter aéreo de 280.334,95 m, repartidos da seguinte forma:

- Categoría especial 400 kv:

MATRICULA	PROPIEDAD	TRAMO	CATEGORIA	LONXITUDE (m)
C1 CAR LIND 400		AEREO	400 Kv	707,92
LAT 400 EN CONSTRUCCION	REE	AEREO	400 Kv	19.050,50
Total Lonxitude LAT 400 KV				19.758,42

- Categoría especial 220 kv:

MATRICULA	PROPIEDAD	CATEGORIA	LONXITUDE (m)
CTO 1 ATIOS PAZOS DE BORBEN 220 kV	RED ELECTRICA ESPANOLA R E E	220 Kv	1.136,97
CTO 1 P E MONTOUTO	RED ELECTRICA	220 Kv	10.741,71

FRIEIRA 220 kV	ESPANOLA R E E		
LIÑA RESERVA CARTELLE SUIDO - APOYO 6 AL 32 220 kV	RED ELECTRICA ESPANOLA R E E	220 Kv	9.501,92
LIÑA RESERVA SUIDO PAZOS BORDEN - APOYO 34 AL 94 220 kV	RED ELECTRICA ESPANOLA R E E	220 Kv	23.995,59
CTO 1 CASTRELO PAZOS DE BORBEN 220 kV	RED ELECTRICA ESPANOLA R E E	220 Kv	34.493,71
CTO 1 SUIDO PAZOS DE BORBEN 220 kV	RED ELECTRICA ESPANOLA R E E	220 Kv	24.210,22
CTO 1 CARTELLE SUIDO 220 kV	RED ELECTRICA ESPANOLA R E E	220 Kv	105,69
CTO 1 ATIOS PAZOS DE BORBEN 220 kV	RED ELECTRICA ESPANOLA R E E	220 Kv	1.427,65
CTO 1 CARTELLE FRIEIRA 220 kV	RED ELECTRICA ESPANOLA R E E	220 Kv	8.601,09
LINA PE SUIDO - A AGRA (S-N)		220 Kv	10.070,52
LIÑA PAZOS DE BORBEN - CARTELLE (O-E)		220 KV	32.820,99
Total Lonxitude LAT 220 KV			157.106,06

- 1ª Categoría 132 kv:

MATRICULA	PROPIEDAD	CATEGORIA	LONXITUDE (m)
CTO 1 CONCHAS FRIEIRA 132 kV	UNION FENOSA DISTRIBUCION	132 Kv	2.101,11
LIÑA RESERVA ATIOS - APOYO 90A 132 kV	UNION FENOSA DISTRIBUCION	132 Kv	19.951,09

MATRICULA	PROPIEDAD	CATEGORIA	LONXITUDE (m)
LIÑA RESERVA SUB ATIOS-ALTO DA RISCA 43 AL 68 Y SUB ATIOS 132 kV	UNION FENOSA DISTRIBUCION	132 Kv	1.171,99
CTO 1 PONTEAREAS TRONCAL 132 kV	UNION FENOSA DISTRIBUCION	132 Kv	7.084,84
CTO 1 FRIEIRA PONTEAREAS 132 kV	UNION FENOSA DISTRIBUCION	132 Kv	30.516,28
CTO 1 FRIEIRA SALVATERRA 132 kV	UNION FENOSA DISTRIBUCION	132 Kv	24.379,45
CTO 1 ATIOS SALVATERRA 132 kV	UNION FENOSA DISTRIBUCION	132 Kv	5.293,52
CTO 1 PAZOS DE BORBEN MOS 132 kV	UNION FENOSA DISTRIBUCION	132 Kv	1.242,59
CTO 1 CONCHAS FRIEIRA 132 kV	UNION FENOSA DISTRIBUCION	132 Kv	6.023,23
CTO 1 SALAS FRIEIRA 132 kV	UNION FENOSA DISTRIBUCION	132 Kv	5.706,38
Total Lonxitude LAT 132 KV			103.470,47

LIÑAS DE MEDIA TENSIÓN

No ámbito de estudo tense unha Lonxitude total de Liñas de media tensión¹ de carácter aéreo de 254.245,46m, repartidos da seguinte forma:

MATRICULA	LONXITUDE (m)
ATI704 SESTELOY CIA 4	6.688,71
FRI802 RENFE 2	674,44

FRI804 ARBO-COG MADERAS MONTERO 4	59.851,58
FRI805 LA CANIZA-C H CABO 5	86.632,94
PTA804 GRANITOS GALICIA 4	2.211,17
PTA806 SESTELO Y CIA 6	141,58
PTA807 C H TEA 7	13.947,85
RED709 OS VALOS 9	103,23
SAL803 AS NEVES 3	28.696,33
SAL804 CEBREIRO 4	49.049,45
SAL807 ELECTRA ALTO MINO 7	71,91
YY802 FICTICIA GALICIA SUR 2	6.176,26
	254.245,46

Deberan reflexionar seriamente sobre se é necesario realmente seguir implantando máis aeroxeradores e máis liñas eléctricas porque a presión eólica é excesiva, este proxecto eólico Alto do Ceo non se xustifica, non existe retorno social algún como xa demostrou no seu informe o Banco de España e a implantación de máis eólica pon en xaque a biodiversidade.

Véxase o documento:

Do Renewables Create Local Jobs? <https://repositorio.bde.es/handle/123456789/29475>

<https://doi.org/10.53479/29475>

Autor

Fabra, Natalia

Gutiérrez, Eduardo

Lacuesta Gabarain, Aitor

Ramos, Roberto

Fecha de publicación

26-ene-2023

- **AFECCIÓN SEVERA A ESPAZOS CATALOGADOS COMO ÁREAS DE ESPECIAL INTERÉS PAISAXÍSTICO (AEIP) E OUTROS ESPAZOS CATALOGADOS. AFECCIÓN PAISAXÍSTICA SEVERA E PERMANENTE DURANTE A VIDA ÚTIL DA ESTACIÓN EÓLICA. XERACIÓN DE FEÍSMO PAISAXÍSTICO E PERDA DA FUNCIONALIDADE PAISAXÍSTICA**


ESPAZOS CON VALORES PAISAXÍSTICOS MERECEDORES DE PROTECCIÓN
<p>Red Natura 2000</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. ZEC Baixa Limia 2. ZEC Baixo Miño 3. ZEC Río Tea 4. ZEPA Baixa Limia-Serra do Xurés 5. Monumento natural Pena Corneira
<p>Áreas de Especial Interés Paisaxístico (AEIP):</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Baixo Arnoia 2. Baixo Tea 3. Castelo de Vilasobroso 4. Castro de Troña 5. Faro de Budiño e Cans 6. Monte da Picaraña 7. Monte San Nomedio 8. Pena Corneira 9. Pozas e fervezas do Río Cerves 10. Río Deva 11. Serra do Galleiro 12. Serra do Suido
<p>Rutas e Sendeiros</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. GR 58 Sendeiro das Greas 2. PR-G 67 Sendeiro histórico de Mos 3. PR-G 95 Sendeiro de 'Os Carranos' 4. PR-G 119 Ruta do Xabriña 5. PR-G 120 Ruta dos Penedos da Picaraña 6. PR-G 163 Roteiro dos Montes de Cristiñade 7. PR-G 165 Sendeiro das Fragas e Levadas do Calvo e Deva 8. PR-G 174 Ruta de Coto da Cruz

▪ **AUSENCIA DE XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DO PROXECTO EÓLICO ALTO DO CEO E DAS SÚAS INFRAESTRUTURAS ASOCIADAS DE EVACUACIÓN**

Galicia supera en 2020 os obxetivos marcados en renovables pola UE para 2030 cunha porcentaxe sobre o consumo final bruto do 46% Renovables que xa representaron o 107% da demanda eléctrica.

Mentras que Galicia ten unha potencia eólica instalada de 3866 MW, outras comunidades como Madrid ten 0 MW, Euskadi, 153 MW e Cataluña 1271 MW.

En canto aos parques eólicos en tramitación, mentras que Galicia ten arestora 300, Madrid non ten ningún, Euskadi ten 12 e Cataluña, 8.



VII.- FALLA DE AVALIACIÓN AMBIENTAL DA TOTALIDADE DAS INFRAESTRUTURAS QUE CONFORMAN O PROXECTO INDUSTRIAL EÓLICO ALTO DO CEO

Para a evacuación do PE Alto do Ceo proxéctase unha liña de media tensión ou liña de alta tensión (LAT) de 3ª categoría de 30kV, entre o Centro de Seccionamiento do PE Alto do Ceo e a Subestación do PE Chan do Couto. O trazado aéreo desta liña de evacuación de 30 kV, que é común ás 3 alternativas do PE Alto do Ceo, ten unha lonxitude de 2.885 m e conta con 15 apoios.

Non se plantexa polo tanto outra alternativa para o trazado de evacuación da enerxía do proxecto eólico. Tampouco se avalía a alternativa 0 ou de non realización do proxecto, que debera ser a máis adecuada tendo en conta as afeccións severas para os hábitats, as especies, o chan e a paisaxe.

Para a evacuación desde a Subestación do PE Chan do Couto proxéctase unha liña de evacuación de 132kV da SET do PE Chan do Couto ata a Subestación Colectora Alto dá Telleira. A LAT 132 Kv SET PE CHAN DO COUTO – AMPLIACIÓN SET COLECTORA ALTO DÁ TELLEIRA, (proxecto en tramitación, e independente do de PE Alto do Ceo), defínese en proxecto como de simple circuito en 132 kV, terá 38 apoios (contando os pórticos de saída de ambas as subestacións), para unha lonxitude total de 9,09 km, podendo evacuar un total de 30 MW.

En resumo, as liñas eléctricas proxectadas para a evacuación do PE Alto do Ceo a SET PE Chan do Couto e de aí ata SEC Alto dá Telleira son as seguintes:

LIÑAS ELÉCTRICAS PROXECTADAS	CATEGORÍA	LONXITUDE (m)
LMT 30 KV PE ALTO DO CEO – SET PE CHAN DO COUTO	30 KV	2.885
LAT 132 KV SET PE CHAN DO COUTO – AMPLIACIÓN SET COLECTORA ALTO DA TELLEIRA	132 KV	9.090

O estudo de impacto ambiental é deficiente e as instalacións preséntanse aos efectos do estudo de impacto ambiental e da avaliación ambiental fraccionadas e divididas en proxectos independentes, sen que exista un estudo ambiental global da totalidade dos impactos do conxunto.

A SET PE Chan do Couto 30/132 kV recollerá a enerxía xerada no PE “Chan do Couto” e no PE “Alto do Ceo”, sen embargo, non é obxecto do estudo de impacto ambiental e por tanto avalíase ambientalmente de forma separada. Con isto o que se consegue é diluir os impactos ambientais do conxunto.

VIII.- PREXUIZOS SIGNIFICATIVOS PARA OS CHANS E O MEDIO AMBIENTE

O chan é un recurso natural non renovable e finito cuxo proceso de formación tómase centos de anos. Son unha parte fundamental no equilibrio dos ecosistemas: funciona como filtro e amortiguador ao reter substancias, protexe as augas subterráneas e superficiais contra a penetración de axentes nocivos e transforma compostos orgánicos descompoñéndoos ou modificando a súa estrutura conseguindo a mineralización.

A implantación do parque eólico proxectado alteraría os ciclos bioxeoquímicos dos chans. A degradación que sofren os chans supón unha ameaza á capacidade deste recurso para satisfacer as necesidades das futuras xeracións.

A materia orgánica do chan ou humus é fundamental para manter a estrutura do chan, reter a auga necesaria, actuar como reserva nutritiva e imprescindible para manter a produtividade da terra. Certos usos do chan, como as cimentacións eólicas, diminúen de forma drástica o contido de materia orgánica do chan. As remocións de toneladas de terra que esixe a implantación do parque eólico proxectado non é cuestión baladí e eses chans non se van a recuperar polo que nun futuro, no caso de implantarse, teremos unha gran área de chan desertificada e erosionada de terro infértil.

Coa implantación das cimentacións dos parques, as excavacións e remocións de toneladas de terras durante a súa instalación, elimínase a materia orgánica dos chans e pérdese a produtividade destes. Non só se produce un cambio de usos (agrícolas de cultivo, de pasteiros ou forestais). Tamén se produce unha transformación urbanística non amparada legalmente, ao quedar os chans erosionados e perder de forma irreversible a súa produtividade orixinaria.

A Lei do chan de Galicia aposta na súa exposición de motivos pola protección territorial e, en particular, pola defensa e respecto do chan rústico, xa sexa pola afección ao dominio público ou pola presenza de valores merecedores de especial salvagarda. Así o indica literalmente:

“A Lei do chan aposta pola protección territorial e, en particular, pola defensa e respecto do chan rústico, xa sexa pola afección ao dominio público ou pola presenza de valores merecedores de especial salvagarda”.

IX.- AFECCIÓN SEVERA PARA AS AVES E INSECTOS COMO CONSECUENCIA DA CONTAMINACIÓN LUMÍNICA XERADA POLAS INFRAESTRUTUAS EÓLICAS EXISTENTES NO ÁMBITO XEOGRÁFICO DO PROXECTO DO PARQUE EÓLICO ALTO DO CEO. AFECCIÓN SEVERA Á NECESARIA COHERENCIA DA REDE NATURA 2000 E A ESPAZOS PROTEXIDOS.

A iluminación instálase en todos os casos na parte superior da góndola do aerogenerador. Os aerogeneradores cuxa altura sexa igual ou inferior aos 150 metros non requirirán de luces adicionais intermedias na súa torre.

Aqueles que superen os 150 m de altura deben ter instaladas na torre luces de baixa intensidade Tipo E a distintos niveis. No presente caso os aerogeneradores deben iluminarse.

Cómpre lembrar o contexto da área xeográfica na que se prevé a súa instalación: á beira da Rede Natura 2000 e con afección significativa e directa sobre ela e con presenza doutros parques eólicos xa instalados e en funcionamento.

O número de luces necesario por nivel dependerá do diámetro exterior do mastro das turbinas eólicas. Os números recomendados para obter a cobertura adecuada e asegurar a visibilidade desde todos os azimuts, son os seguintes:

Diámetro	Elementos luminosos por nivel
6 m o menos	3
6 m a 30 m	4
30 m a 60 m	6
Más de 60 m	8

Espaciado diametral de luces de obstáculos Doc. 9157 OACI, Parte 4, Cap. 14

A iluminación dos aeroxeradores que deban estar iluminados e que pertencen a un mesmo parque eólico, debe estar sincronizada tanto de día como de noite.

Dentro dun parque eólico, toda turbina sensiblemente maior ca a súa contorna deberá iluminarse independentemente da súa posición relativa ao resto.

Así mesmo, a iluminación de parques eólicos próximos (aqueles cuxa distancia entre os aeroxeradores que marcan as extremidades máis próximas entre si dos parques sexa inferior ou igual a 10 km) debe estar sincronizada entre si tanto de día como de noite.

Para conseguir que, tanto a configuración global de a iluminación de parques próximos, como o sincronismo de a iluminación de todos eles sexa coherente, os promotores de parques eólicos de nova construción deberán analizar a súa contorna e establecer os pertinentes acordos con propietarios e explotadores de parques existentes de forma que se coordinen os sincronismos e optimícese as iluminacións dos diferentes elementos para conseguir os necesarios obxectivos de seguridade e minimizar, no posible, o impacto ambiental producido.

No presente caso do proxecto eólico Alto do Ceo non se tivo en conta a contaminación lumínica nin a incidencia desta sobre a Rede Natura 2000 e a súa necesaria coherencia.

X.- A PREVALENCIA DA PROTECCIÓN AMBIENTAL DA LEI 42/2007, DO 13 DE DECEMBRO, DO PATRIMONIO NATURAL E DA BIODIVERSIDADE

“Artigo 2. Principios.

Son principios que inspiran esta lei:

a) O mantemento dos procesos ecolóxicos esenciais e dos sistemas vitais básicos, apoiando os servizos dos ecosistemas para o benestar humano.

b) A conservación e restauración da biodiversidade e da xeodiversidade mediante a conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres. As medidas que se adopten para esa fin terán en conta as esixencias económicas, sociais e culturais, así como, as particularidades rexionais e locais.

c) A utilización ordenada dos recursos para garantir o aproveitamento sostible do patrimonio natural, en particular, das especies e dos ecosistemas, a súa conservación, restauración e mellora e evitar a perda neta de biodiversidade.

d) A conservación e preservación da variedade, singularidade e beleza dos ecosistemas naturais, da diversidade xeolóxica e da paisaxe (...).

f) A prevalencia da protección ambiental sobre a ordenación territorial e urbanística e os supostos básicos da devandita prevalencia.

g) A precaución nas intervencións que poidan afectar a espazos naturais ou especies silvestres”.

En virtude do anterior,

SOLICITA:

1.- O rexeitamento do estudo de impacto ambiental, das solicitudes de autorización administrativa previa e de construción, do proxecto sectorial (proxecto de interese autonómico) e do proxecto de execución, en concreto, das instalacións do parque eólico Alto do Ceo, emprazado nos concellos de Mondariz, Covelo, A Cañiza, Salvaterra de Miño e As Neves da provincia de Pontevedra (expediente IN408A 2020/99), DOG Núm. 45, de 6 de marzo de 2023.

As infraestruturas eólicas desvirtúan a funcionalidade das áreas de especial interese paisaxístico, itinerarios, lugares de especial interese paisaxístico, miradores e afecta de forma irreversible a conectividade ecolóxica dos espazos.

2.- As Directrices Enerxéticas 2018-2020 de Galicia expoñen para a enerxía eólica unha potencia instalada en 2030 de 4.122 MW, sendo a finais de 2019 a potencia instalada de 3.986 MW. En setembro de 2022 esta potencia está amplamente superada, polo que o proxecto só se xustifica desde un punto de vista especulativo.

Galicia supera en 2020 os obxetivos marcados en renovables pola UE para 2030 cunha porcentaxe sobre o consumo final bruto do 46% Renovables que xa representaron o 107% da demanda eléctrica.

Non se xustifica por tanto a necesidade do proxecto eólico Alto do Ceo tendo en conta que se prevé implantar nun espazo xeográfico no que xa hai máis de 280 aeroxeradores e máis de 280 quilómetros de liñas eléctricas.

Deberan reflexionar seriamente sobre se é necesario realmente seguir implantando máis aeroxeradores e máis liñas eléctricas porque a presión eólica é excesiva, este proxecto eólico Alto do Ceo non se xustifica, non existe retorno social algún como xa demostrou no seu informe recente o Banco de España e a implantación de máis eólica pon en xaque a biodiversidade.

Véxase o documento: *Do Renewables Create Local Jobs?* <https://repositorio.bde.es/handle/123456789/29475>

3.- Non se ten en conta a función de descarbonización que realiza o monte galego nin a súa importante función social. Debérase repotenciar os parques eólicos existentes no canto de seguir inzando estacións eólicas sin control algún como o están a facer arestora. A ausencia de seguimento ambiental do Plan Sectorial eólico propicia un elevado descontento social e a xeración de Feísmo Paisaxístico, e todo a prol do lobby eólico e en detrimento do benestar das familias que viven, residen e /ou traballan nos núcleos rurais afectados.

4.- Os proxectos eliminan a funcionalidade actual e potencial das vías pecuarias ou camiños tradicionais e non ten en conta A IMPORTANCIA DA REDE DE CAMIÑOS E VÍAS PECUARIAS COMO CORREDORES ECOLÓXICOS ESENCIAIS PARA A MIGRACIÓN, A DISTRIBUCIÓN XEOGRÁFICA E O INTERCAMBIO XENÉTICO DAS ESPECIES SILVESTRES.

Cómpre ter en conta que varios “vieiros a acondicionar” do proxecto desempeñan arestora unha función ambiental como carreiros e corredores ecolóxicos, esenciais estes para o intercambio xenético e o fluxo das especies.

5.- Ao abeiro do Convenio Europeo da Paisaxe, en vigor o 1 de marzo de 2004, e que España ratificou o citado Convenio o 26 de novembro de 2007 (BOE de 5/02/2008), o papel do dereito non é recoñecer e protexer un valor ou unha beleza paisaxística particulares; o que o dereito debe recoñecer en primeiro lugar e, por conseguinte protexer, é un valor complexo: a necesidade de toda a cidadanía de establecer unha relación sensible co territorio, de beneficiarse desta relación e de participar na determinación das características formais dos lugares que habitan ou frecuentan. Ninguén, incluída a promotora deste proxecto e a Xunta de Galicia, teñen dereito a emborronar a dimensión paisaxística dun territorio sen ter primeiro en conta o interese do conxunto da poboación local afectada. E o dereito á Paisaxe non pode ser determinado por un desenvolvemento económico que non ten en conta a aparencia dos territorios aos que afecta, senón que debe reflectir as verdadeiras aspiracións dos homes e mulleres que o habitan. E no presente caso constátase un rexeitamento social ao proxecto eólico Alto do Ceo e demais parques eólicos xa existentes ou en tramitación na área xeográfica de afección deste proxecto e as liñas de evacuación existentes e en tramitación na mesma área xeográfica. Non se pode transformar unilateralmente por mor do interese dunha empresa as paisaxes agrarias, culturais e forestais e o medio de vida das familias en paisaxes industriais e polígonos eólicos que só benefician a empresas como é o presente caso.

Véxase o documento INFORME DA COMISIÓN TÉCNICA TEMPORAL SOBRE ENERXÍA EÓLICA E PAISAXES CULTURAIS EN GALICIA: <http://consellodacultura.gal/publicacion.php?id=443777>

Véxase: “Efectos de los parques eólicos e instalaciones eléctricas asociadas sobre la salud”.

<https://aliente.org/efectos-eolica-salud>

Debera abrirse previamente un proceso público participativo, onde con carácter previo, a cidadanía afectada e o público poidan participar na localización do proxecto eólico Alto do Ceo aos efectos paisaxísticos, de saúde e de benestar. Cómpre ter en conta que o Convenio europeo da Paisaxe indica que os obxectivos de calidade paisaxística determínanos a Administración, en base ás aspiracións da cidadanía, e non en base ás aspiracións dunha mercantil promotora que actúa no mercado con ánimo de lucro. Polo tanto, estase a obviar a participación pública nun instrumento de ordenación do territorio tan importante e con tanta afección como é este proxecto industrial.

6.- A fragmentación excesiva dos hábitats e a falla de garantía da conectividade ecolóxica e a necesaria permeabilidade destes, unida aos efectos barreira derivados das gabias, dos vieiros e das plataformas eólicas, implica un risco e un prexuízo para a integridade do espazo e a conservación das especies.

Por outra banda, a necesaria coherencia da Rede Natura 2000 obriga a preservar non só a conectividade lonxitudinal dos cauces da área de actuación senón tamen a conectividade ecolóxica transversal das brañas e lagoas ubicadas na área de afección do proxecto.

A excesiva fragmentación dos ecosistemas e a falla de avaliación do impacto sobre o lobo ibérico afecta de forma severa ao seu hábitat, tendo en conta que o lobo atópase estritamente protexida. A corta de matogueira que se leva a cabo nas obras de construción dos parques afecta aos puntos de encame e puntos de encontro da especie. Tras a Orde TED/980/2021, do 20 de setembro, pola que se modifica o Anexo do Real Decreto 139/2011, do 4 de febreiro, para o desenvolvemento da Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial e do Catálogo Español de Especies Ameazadas, todas as poboacións de lobo (*Canis lupus*) están incluídos na “Listaxe de Especies Silvestres en Réxime de Protección Especial” recollido no Real Decreto 139/2011.

Ademais da afección a especies vulnerables e en perigo de extinción, existe unha afección severa a hábitats prioritarios e de interés comunitario. Existe a obriga de manter estes últimos nun estado de conservación favorable. As infraestruturas proxectadas afectan de forma severa a masas de frondosas e de bosque autóctono galego e bosque de ribeira, que deberán manterse nun estado de conservación favorable e non proceder a súa afección irreversible ou eliminación.

7.- A IMPORTANCIA DA LEI 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, os MONTES COMO RESERVORIOS E DEPÓSITOS DE FIXACIÓN DE CARBONO e a FUNCIÓN SOCIAL DO MONTE foi obviada na tramitación ambiental do proxecto eólico Alto do Ceo e os parques eólicos en tramitación na área de afección destes.

Os montes, independentemente da súa titularidade, desempeñan unha función social relevante, tanto como fonte de recursos naturais e sustento de actividades económicas como por ser provedores de múltiples servizos ambientais, entre eles, de protección do chan e do ciclo hidrolóxico; de fixación do carbono atmosférico; de depósito da diversidade biolóxica e como elementos fundamentais da conectividade ecolóxica e da paisaxe.

O recoñecemento destes recursos e externalidades, dos que toda a sociedade benefíciase, obriga ás Administracións públicas a velar en todos os casos pola súa conservación, protección, restauración, mellora e ordenado aproveitamento.

As cimentacións dos parques eólicos, a construción e acondicionamento de viais, a insalación de gabias de cableado, a proxección das liñas de evacuación cos respectivos puntos de apoio e accesos aos mesmos, xunto coa remoción de toneladas de terra precisa para a súa implantación, altera de forma irreversible a cuberta vexetal e os recursos hídricos, producindo erosión da cuberta vexetal e a medio e longo prazo desertificación da área afectada, xa que a perda da cuberta vexetal e dos humedais convirte aos chans en recurso natural non renovable e finito que perde a súa funcionalidade e aptitude agrícola, gandeira e forestal actual de xeito irreversible. O mesmo sucede cos humedais e os terreos ribeiregos aos cauces, coa conseguinte afección á necesaria conectividade ecolóxica e a necesaria permeabilidade dos ecosistemas e dos hábitats.

O desenvolvemento eólico non consegue axudar no desenvolvemento económico das comunidades rurais afectadas, mentres que o aproveitamento forestal que se ve ameazado co desenvolvemento eólico supón unha axuda económica importantísima nas economías familiares.

Non debería argumentarse a necesidade de instalar parques eólicos en beneficio do medio ambiente perxudicando algo que actualmente está realizando de forma activa unha labor protectora do solo, da biodiversidade e ademais mitigando o cambio climático.

A proliferación de parques eólicos nos municipios afectados e contorna, co conseguinte impacto paisaxístico e medio ambiental, inciden directamente nas posibles oportunidades dos municipios afectados para conseguir loitar contra o despoboamento rural.

Ninguén nin ningún poder público ou Administración ten dereito a emborronar a dimensión paisaxística dun territorio sen ter primeiro en conta o interese do conxunto da poboación local afectada. E o dereito á Paisaxe, protexido polo Convenio europeo da Paisaxe non pode ser determinado por un desenvolvemento económico que non ten en conta a aparencia dos territorios aos que afecta, senón que debe reflectir as verdadeiras aspiracións dos homes e mulleres que o habitan.

Neste caso debe considerarse a actividade eólica como un uso incompatible e prohibido en relación a capacidade de produción forestal e vocación tradicional dos terreos nos que se asientan as explotacións forestais e os prexuízos irreversibles para os humedais presentes e afectados polas infraestruturas do proxecto do parque eólico Alto do ceo que afecta de forma significativa e irreversible á conectividade ecolóxica dos ecosistemas.

8.- Preocupa moito a contaminación lumínica dos numerosos aeroxeradores instalados na área xeográfica do proxecto e a súa afección á Rede Natura 2000 e ás aves en perigo de extinción e vulnerables.

É necesario considerar ademais que a iluminación dos aeroxeradores presenta moitas outras problemáticas sociais, xerando molestias a distintos niveis á poboación circundante a nivel de saúde pública e conferindo á paisaxe «unha imaxe de desasosego». Doutra banda, organizacións de referencia como SEO/Birdlife alertaron que as luces e escintileos luminosos provenientes dos aeroxeradores alteran os ciclos naturais de moitos seres vivos durante o período nocturno e as súas pautas de comportamento ao modificar os seus ritmos circadianos, chegando a desorientar ás aves e certos anfibios nos seus procesos migratorios.

O Formigueiro, 19 de marzo de 2023

Asdo.- _____